

# O LOBO DE AREA

Texto de ÅSA LIND

Ilustracións de MARÍA ELINA

Tradución de ANTÓN LADO

Encadernado en cartonné. 15 x 23,5 cm. 112 páx. 15 €.

PREMIO NILS HOLGERSSON 2003 (Bibliotecas de Suecia)

**O Lobo de Area** (galego)

ISBN 978-84-8464-477-4. Sete Leguas.

**El Lobo de Arena** (castelán)

ISBN 978-84-8464-478-1. Siete Leguas.

**El Llop de Sorra** (catalán)

ISBN 978-84-16804-74-0 Set Llegües.

*Zackarina vivía cos seus pais nunha casa á beira do mar.*

*A casa era pequena, aínda que o mar era enorme.*

*E no mar pódese un bañar, polo menos no verán.*

*E xa era verán, un verán cálido e solleiro. E Zackarina*

*queríase bañar. Pero había un problema. Non tiña permiso*

*para bañarse soa, e a papá non lle apetecía baixar á praia...*

Que lles importa verdadeiramente ás nenas e aos nenos?

Que os maiores traballen moito, que non fagan cousas xuntos,

que non os entendan... Porque hai tantas *Zackarinas* sufrindo

soidade, frustracións, incompreensión... Moitos lectores mozos

sentiranse reflectidos neste relato da premiada Åsa Lind, tan real

(e tan imaxinario) como a vida mesma; como tamén moitas nais

e pais veranse culpablemente retratados como os “animais

extraños” que son, en palabras da protagonista.

A praia é o seu refuxio e o Lobo de Area, o seu único *amigo*,

quen dá resposta ás súas inquedanzas, non exentas de fondo

calado filosófico: a orixe da existencia, a inmensidade do universo,

os medos... No primeiro volume desta coñecida triloxía publicada

en varios países e adaptada ao formato teatral, radiofónico

e animado, a autora ponse na pel dunha nena que cuestiona

a lóxica dos adultos, empatiza cos seus momentos de ira

e de impotencia, exprésase coa transparencia e coa naturalidade

propias da infancia, dende ese humor absurdo e encantador

que xoga cos extremos. Tamén hai pinceladas de tenrura por parte

dos seus proxenitores, a típica reacción parental ás “preguntas

retorcidas”, a incomunicación e os arrebatos de impaciencia

que suceden en calquera fogar.


A complicidade entre Zackarina e o Lobo de Area trasládase do texto

ás ilustracións de María Elina -luminosas e cálidas coma o verán-

que combinan os trazos rotundos das ceras e dos lapis

para representar o territorio da realidade, con escenas tenues

e evanescentes que remiten á fantasía.



■ **Temática:** historia dunha nena e do seu amigo invisible.

■ **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.

■ **Aspectos destacables:** familia, relación entre nais e pais cos seus fillos/as; afectividade, emocións; Premio Nils Holgersson (Suecia); da ilustradora de “[Donde nace la noche](#)” (VII Premio Cidade de Orihuela, KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-lobo-de-area-g>

## Åsa Lind

(Karbäcken, Suecia, 1958)

Pasou a nenez nunha vila ao norte de Suecia, escoitando contos de fadas e forxando o seu interese pola literatura, antes mesmo de aprender a ler. Escribiu máis de 200 contos radiofónicos e en 1995 publicou o seu primeiro libro. Tras compaxinar a faceta de autora co xornalismo, na actualidade traballa exclusivamente como escritora. Cunha vintena de obras, forma parte da Academia Sueca de Literatura Infantil. Recibiu, entre outros, os premios Nils Holgersson 2003 e Kulla-Gulla 2014.

## María Elina Méndez

(Bos Aires, 1975)

Deseñadora de Imaxe e Son (Universidade de Bos Aires). Completou a súa formación con talleres e proxectos sobre fotografía, artes plásticas, escenografía e ilustración. Dende 2011 expón os seus traballos na galería Mar Dulce. Colabora co suplemento cultural do diario La Nación. Ilustrou libros para editoriais de Arxentina, México, España e Francia. Foi seleccionada para o Catálogo Iberoamericano de Ilustración e a Premier de Latin American Illustration.

<http://www.mariaelinamendez.com>



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com